



FOTONOTICIA

O Parlamento de Galicia, cos colectivos máis vulnerables

O Parlamento de Galicia inaugurou onte a exposición fotográfica "Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas", impulsada pola Asociación de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) para dar a coñecer a realidade destas entidades. Alí, o presidente da Cámara galega, Miguel Ángel Santalices, esperou que "nun futuro" o Parlamento "poida abrir determinados concursos públicos aos devanditos centros especiais de emprego". No acto, ao cal tamén asistiron a conselleira de Política Social, Fabiola Garceá, e o presidente de Cegasal, José Antonio Vázquez, Santalices deu a benvida a esta mostra que "encaixa á perfección na aposta de apertura desta institución á sociedade", pero tamén no "especial compromiso da Cámara galega coas persoas e colectivos vulnerables".

